



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 1, II: Francés-Galego

Materia	Tradución idioma 1, II: Francés-Galego			
Código	V01G230V01504			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo			
Correo-e	ocampo@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://paratraduccion.com/ocampo">http://http://paratraduccion.com/ocampo</a>			
Descrición xeral	Esta materia pretende desenvolver e afianzar unha competencia tradutora entre o francés e o galego que permita unha posterior profundización en diferentes ámbitos de especialidade. Esta meta conseguirase mediante obxectivos metodolóxicos e profesionais para ofrecer ferramentas, estratexias e solucións ás circunstancias xerais da actividade tradutora do francés ó galego.			

## Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C27	Capacidade de razoamento crítico
C33	Dominio oral e escrito da lingua propia
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecer as linguas de traballo, francés (idioma I) e galego (lingua I), a nivel gramatical, léxico e fraseolóxico, e ser capaz de analizar as diferenzas e similitudes de ambos os sistemas lingüísticos.	A1	C4 C33	D2 D22
Comprender textos redactados na lingua de partida tanto a nivel comunicativo como a nivel cultural. Coñecer a historia e as culturas das dúas linguas co fin de entender perfectamente os textos así como dominar os mundos textuais das dúas culturas coas que se traballa, as distintas convencións sociais.	A1	C2 C4	D2 D15 D17 D23
Afondar na estrutura e os principios organizadores dun texto. Diferenzar os diferentes tipos de texto (literarios, publicitarios, xornalísticos...) e as súas características (argumentativos, expositivos...).	A2 A3	C4 C8 C18	D22 D23
Saber traducir un texto sen interferencias.	A4	C17	D4
Identificar os participantes no proceso de tradución e a función comunicativa do texto. Analizar textos con vistas á súa tradución. Coñecer e empregar as distintas técnicas e estratexias de tradución. Traducir textos non especializados. Identificar os problemas de tradución e aprender a resolvelos. Traballar con textos paralelos. Manexar as ferramentas básicas de tradución (procesadores de texto, Internet: dicionarios en liña e en papel...). Identificar problemas ortotipográficos e aprender as estratexias e normas para resolvelos. Comprender o papel do tradutor como mediador intercultural. Coñecer as normas de presentación de tradución. Coñecer o mercado laboral. Desenvolver habilidades de traballo en equipo e adquirir un compromiso deontolóxico.	A5	C18 C22 C24 C27	D7 D9 D15 D18 D22 D23

## Contidos

Tema	
1. Tradución do francés cara ó galego	1.1. Estratexias de tradución e análise contrastiva de traducións
2. O proceso de tradución entre o francés e o galego	2.1. Recursos de documentación básicos 2.2. Recursos de documentación especializada 2.3. Elaboración de encomendas e xestión de proxectos de tradución

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	2	0	2
Sesión maxistral	10	15	25
Obradoiros	11	16	27
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	8	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	17	43	60
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	4	20	24

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades para tomar contacto co alumnado e para presentar a materia en relación ós obxectivos, contidos, actividades que se levarán a cabo e a avaliación.
Sesión maxistral	Exposición por parte do docente dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que deberá desenvolver o alumnado.
Obradoiros	Os obradoiros son a principal ferramenta diagnóstica. Neles proporanse traducións dirixidas, co fin de tentar a competencia tradutora do alumnado. Ó mesmo tempo, as traducións dirixidas permitirán familiarizarse co método de traballo e de avaliación do profesor.
Saídas de estudo/prácticas de campo	O grupo de estudantes, orientado polo docente, percorrerá lugares ou instalacións e/ou visitará exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de identificar e analizar produtos ou prácticas reais de tradución en medio urbano, público ou privado (dependendo da autorización correspondente). Para a saída contarase cos medios económicos e co apoio loxístico que facilitará a Universidade de Vigo. A presencialidade (4 horas) corresponde a 2 sesións de dúas horas que non se impartirán na aula, e equivalentes a media xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo. De non ser posible organizar a saída por dificultades de organización co espazo receptor, as horas correspondentes destinaranse a obradoiros, e as actividades que neles se fagan contarán para a nota do curso, na porcentaxe prevista.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan situacións e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumnado debe desenvolver as solucións adecuadas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, priviléxiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Obradoiros	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, priviléxiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Saídas de estudo/prácticas de campo	A atención personalizada realízase na rede e no despacho do docente (no horario de titorías ou noutro momento mediante cita previa), e en certas ocasións a pé de aula, ó remate das sesións. O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. As titorías xerais do profesor serven para convocar ou recibir os estudantes que precisen nalgún momento do curso algunha atención concreta. Na aula, priviléxiase o ritmo de traballo fronte ó volume textual, de maneira a non interferir co tempo que o estudantado debe dedicarlle ás demais materias. Ademais esta metodoloxía permítelle ó docente avaliar o proceso dende dentro. Así, unha vez lanzada a encarga, o docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo profesor, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saídas de estudo/prácticas de campo	Serán valorados os textos (informes, redaccións, traducións, resumos etc.) xerados polo alumnado como resultado da súa experiencia na saída de estudos.	20 A4 A5	C17 C24 C27 D4 D7 D9 D15 D18 D22 D23

Resolución de problemas e/ou exercicios	Realizaranse e entregaranse ata 5 encomendas de tradución características do tipo de dificultades que se abordan na aula. Elaborarase unha nota media a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas.	60	A1 A2 A3	C2 C4 C8 C17 C18 C22 C33	D2 D4 D7 D9 D18 D22 D23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Realizarase na aula unha proba manuscrita de tradución con tempo limitado (2 horas). A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica.	20	A2	C4 C8 C17 C18 C22 C27 C33	D2 D4 D7 D9 D18 D22

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### Avaliación continua

Nas dúas primeiras semanas de clase o alumnado deberá comunicarlle ó docente a súa intención de acollerse á avaliación continua. En todo caso, para poder manterse dentro desa modalidade de avaliación continua, deberá asistir polo menos ó 80% das horas presenciais.

As competencias do alumnado serán avaliadas en función de tres metodoloxías diferentes:

a) Mediante a resolución de exercicios, baixo a forma de tradución de encomendas (60% da nota final). A nota media dese bloque metodolóxico calcularase a partir das 3 mellores notas das 5 encomendas. A primeira encomenda de tradución deberá entregarse na última semana de setembro de 2015. A segunda encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de outubro de 2015. A terceira encomenda de tradución deberá entregarse na primeira semana de novembro de 2015. A cuarta encomenda de tradución deberá entregarse na terceira semana de novembro de 2015. A quinta encomenda de tradución deberá entregarse na segunda semana de decembro de 2015.

b) Mediante o resultado das respostas achegadas durante a fase de traballo de campo na saída de estudos (20% da nota final). No caso de que as circunstancias impidisen o desenvolvemento da saída de estudos, a porcentaxe da nota final correspondente a esta metodoloxía de avaliación (20%) transferirase para o bloque de tradución de encomendas. Estas pasarían logo a representar o 80% da nota final.

c) Mediante a corrección da proba práctica na aula (20% da nota final). A proba práctica en aula terá lugar na segunda semana do mes de decembro de 2015.

### Convocatoria da primeira edición de actas (decembro de 2015)

O alumnado que non se acolla á avaliación continua poderá realizar un exame final e único fixado para a derradeira sesión de clase presencial da materia, no mes de decembro de 2015. Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

### Convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2016)

O alumnado que obtivese unha cualificación de suspenso nas probas da avaliación continua ou na convocatoria da primeira edición de actas (decembro de 2015) deberá presentarse á convocatoria da segunda edición de actas (xullo de 2016) que fixe o calendario oficial da Facultade.

Este exame consistirá nunha tradución fr>gl con tempo limitado (2 horas). Esta proba representará o 100% da nota. A non ser que o docente sinala o contrario, non se poderá empregar ningunha ferramenta electrónica para a realización da proba.

O plaxio ou copia cualificarase cun 0, que computará para a nota final. O exercicio ou traballo que sexa obxecto de copia ou plaxio non se poderá repetir.

Os erros de lingua que sobrepassen a proporción de tolerancia fixada polo docente durante o curso provocarán o suspenso de calquera traballo ou exame realizado.

## Bibliografía. Fontes de información

Esta bibliografía básica completárase durante o curso.

Dicionario monolingüe francés

Centre national de Ressources textuelles et lexicales (2014). En red [<http://cnrtl.fr/definition/>]

Dicionario monolingüe galego

Real Academia Galega (2014) Dicionario da Real Academia Galega. En red [<http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do>]

Libros de estilo francés

Bureau de la Traduction (2000) Le guide du rédacteur. 2e édition. Ottawa: Ministre des Travaux publics et Services Gouvernementaux Canada.

Libros de estilo galego

DOSIL, B. & RIVEIRO, Xesús (2004) Dicionario de Ortografía da lingua galega. A Coruña: Galinova Editorial.

Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega (2004) Normas ortográficas e morfológicas do idioma galego. Santiago de Compostela: RAG-ILG.

Lecturas obrigatorias

A comezos de curso indicáranse as lecturas obrigatorias en francés.

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Tradución idioma 1, III: Francés-Galego/V01G230V01607

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Idioma 1, I: Francés/V01G230V01104

Idioma moderno: Idioma 1, II: Francés/V01G230V01204

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Idioma moderno: Idioma 1, III: Francés/V01G230V01304

Idioma moderno: Idioma 1, IV: Francés/V01G230V01404

Lingua: Lingua A1, I: Expresión escrita e oral: Galego/V01G230V01101

Lingua A1, II: Introducción ás linguas de especialización: Galego/V01G230V01301

Tradución idioma 1, I: Francés-Galego/V01G230V01311

---